

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Lingua Galega I		
Código /Tipo	IV 31103 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 216 Edificio Anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso / Semestre	Primeiro/ 1 Cuadrimestre	Horario*	Martes 18:30 -19:30h
Coordinador/a	Agustín Nieto Pazó		
Profesorado	Agustín Nieto Pazó		
Correo-e			
Observacións	Nº prazas:50 É desexable para o correcto desenvolvemento da materia que o grupo non exceda un máximo de 30 persoas.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Facilitarlle ao alumnado un achegamento básico ao idioma galego a través do coñecemento elemental do seu código gramatical, da súa historia e da súa situación sociolingüística.
- Preténdese que desde o primeiro momento o alumnado acceda a textos –literarios e non literarios– que actúen como vehículo a través do cal se desenvolvan os contidos que constitúen o programa teórico da materia.
- Promover a práctica lingüística oral e escrita en galego para permitir que se afiance e consolide a competencia idiomática nese idioma.

Metodoloxía docente:

- A metodoloxía será eminentemente práctica e baseada nun enfoque comunicativo. Procurarase que cada sesión estea dividida en tres seccións de 20 minutos: a primeira de exposición de contidos, a segunda de actividade práctica e a terceira de posta en común.
- A metodoloxía é tamén participativa porque o alumnado deberá realizar exercicios, comentar e facer reflexións críticas sobre os temas que se propoñen.

Contidos: Programa teórico-práctico

Tema 1	Orixe, formación e historia da lingua. A literatura en galego.
Tema 2	Lingua oral e lingua escrita: sons, fonemas e letras. Algunhas indicacións ortográficas.
Tema 3	A presentación das persoas: pronomes persoais e algúns verbos. A temporalidade gramatical. Léxico específico.
Tema 4	Os nomes e as cousas: substantivos, adxectivos e artigos. A descrición. Léxico específico.
Tema 5	Os procesos e as historias: verbos e adverbios. A narración. Léxico específico.

Avaliación:

Asistencia e participación	A cualificación derivará da asistencia á clase, a participación activa nas sesións docentes. Será necesario a asistencia a mais dun 70% das clases para obter o aprobado na materia.	80 %
Traballo individual	Realización das tarefas que eventualmente se propoñan na aula, que procurarán poñer de manifesto o aproveitamento didáctico na materia.	20 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.